



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 7 de abril de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 31 de marzo de 2021.
2. Préstase aprobación inicial e ábrese o período de información pública do Estudo de Detalle do Equipamento Socio-Cultural de Marín.
3. Dáse conta da apertura do trámite de audiencia por minoración da axuda correspondente ás axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, da Consellería do Mar.
4. Dáse conta da concesión de subvención por importe de 4.051,69 euros, correspondente ó 75% do orzamento presentado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo Info Rías Baixas, da Deputación de Pontevedra.
5. Corríxense erros no acordo da Xunta de Goberno Local de data 10.02.2021, polo que se concedeu licenza de parcelación en dúas novas parcelas a finca de referencia catastral 2310030NG2921S0001BP.
6. Denégase licenza de obras para a formación de peche para a delimitación de parcelas.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Acórdase o inicio do expediente de contratación do servizo de “Limpeza de praias do Concello de Marín. Tempada 2021”.
2. Acórdase a aprobación do expediente de contratación do servizo de “Limpeza de praias do Concello de Marín. Tempada 2021”.
3. Adxúdase o contrato de servizos de “Redacción de proxecto, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde de obra, da execución subsidiaria de adaptación da edificación construída ás condicións da licenza do inmovible sito en Camiño de Aguete, nº 180, Marín”.
4. Corríxense erros no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31.03.2021, de solicitude de subvención para a promoción da igualdade 2021.

A ALCALDESA,  
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007869800B1X2C0C8E2B6 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20210493208</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 08/04/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/04/2021 09:39:57	Fecha: 08/04/2021 Hora: 09:39